



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

RS/ms

27 XULL. 2012

85604



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 84167**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **“os datos referidos á colocación de dispositivos para a localización dos lobos na serra da Barbanza, as batidas e agardos autorizados pola Xunta de Galicia nela nos anos 2011 e 2012, así como os animais atopados mortos, nomeadamente en Mosquete e As Escobias, en Boiro”**, (publicada no BOPG núm.: 720, do 25 de xuño de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“En outubro do ano 2009 foi capturado un exemplar de lobo na Barbanza. As análises xenéticas confirmaron que era lobo puro, ao que se lle instalou un colar localizador. Das informacións recollidas na zona, sospeitase que foi morto xunto con outros dous exemplares nunha actuación ilegal.

No mes de xullo de 2011 autorizáronse dúas batidas e no mes de setembro esperas. Tamén no mes de marzo de 2012 se concederon 3 batidas.

Os 4 exemplares mortos nas batidas e esperas autorizadas no 2011 eran híbridos. En todos os casos as análises foron realizadas polos laboratorios do CIBIO/CTM.

Dos tres primeiros exemplares atopados en lazos, o primeiro era unha femia loba pura e o segundo e o terceiro eran machos híbridos procedentes de retrocruzamentos. Finalmente o último tamén era un macho lobo puro. Tamén neste caso as análises realizáronse no laboratorio citado anteriormente.



Polo demais, non se ten noticias de ningunha aparición de novos exemplares mortos na Barbanza.

Dos catro exemplares mortos no 2011, só un era femia adulta de 4-5 anos e que nunca se tiña reproducido. A femia aparecida nun lazo no 2012 estaba nun estado moi avanzado de descomposición polo que resultaba imposible apreciar os detalles sobre os que se interesa na iniciativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2012

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime